

TRC DANZA

Primavera
Outono
2025

TEATRO ROSALÍA CASTRO
A CORUÑA

TRC
DANZA
2025





Sábado 05.04

**PARA QUE NON ME DEIXES
AQUÍ SOA**

--ESTREA ABSOLUTA--

Sábado 26.04

UNHA EVA E UN ADÁN

Mércores 30.04

TRANSEÚNTE

Sábado 10.05

**SOBRE O EXTRAVÍO OU
A ARTE DE PERDERSE**

Venres 16.05

MÓNICA

Venres 30.05

PERDER A LINGUA

**TRC DANZA
FESTIVAL
PRIMAVERA
2025**

Julia Laport

ESTREA ABSOLUTA

Para que non me deixes aquí soa

Danza contemporánea

SÁBADO 05 DE ABRIL

TARIFA B



Para que non me deixes aquí soa explora as interseccións entre o fermoso e o grotesco.

Nun xogo de máscaras e deformidades faciais, Julia Laport investiga a perda de identidade e a procura dun outro que poida cubrir esa carencia. As ilusións creadas con luces e sombras en escena por Laura Iturralde e as posibilidades de expandir e deformar

o corpo con materiais proventes da terra como a arcilla ou ramas do bosque galego que manipula Martín Gonçalves, amplifican o movemento dinámico e preciso do Waacking, linguaxe no que se especializa Julia Laport, transformando á artista nunha masa cambiante, cargada de posibilidades e en constante mutación.

Intérpretes:

Martín Gonçalves, Laura Iturralde e Julia Laport

Equipo artístico/técnico:

- **Dirección:** Julia Laport Rivas
- **Autoría:** Julia Laport Rivas, Martín Gonçalves Campos, Laura Romero Iturralde
- **Creación e interpretación:** Martín Gonçalves, Laura Iturralde e Julia Laport
- **Deseño de iluminación e audiovisuais:** Laura Iturralde
- **Deseño de escenografía e vestiario:** Martín Gonçalves
- **Confeción:** Raquel Crespo
- **Espazo sonoro:** Julia Laport e outras artistas
- **Axuda á produción:** AGADIC - Xunta de Galicia

Duración: 60 minutos

Granhøj Dans co auspicio da Fundación
Nacional para as Artes de Dinamarca

Unha Eva e un Adán

Danza contemporánea

SÁBADO 26 DE ABRIL

TARIFA A



Un espectáculo que desafia as convencións ao presentar a desnudez corporal no escenario coma un contrapunto á imaxe distorsionada que se proxecta nas redes sociais nestes tempos.

Actualmente, observamos cómo especialmente a mocidade recorre ás plataformas dixitais para exhibir os seus corpos. A pornografía, nas súas diversas manifestacións, está omnipresente nos medios e consúmese masivamente. Aparentemente, a timidez desapareceu na cultura virtual cando se trata de mostrar a

desnudez corporal. Sin embargo, paradoxicamente, vemos que os nenos e a mocidade evitan bañarse despois de facer deporte nas escolas, argumentando pudor. E aínda que homes e mulleres de todas as idades cultivan os seus corpos nos ximnasios, envergoñaos a idea de mostrarse núos na ducha.

É crucial reconsiderar a nosa conexión coa autenticidade e naturalidade da desnudez corporal, así como repensar cómo a representamos na cultura mediática. Este traballo ten como obxectivo invitar precisamente a unha reflexión profunda sobre o tema.

Intérpretes:

Sofia Pintzou e Mikolaj Karczewski

Equipo artístico/técnico:

- **Concepción e dirección:** Palle Granhøj
- **Escenografía e iluminación:** Granhøj Dans
- **Música:** Composición de Maria Eshpay
- **Música pasaxes:** Suite para cello de Rachmaninoff, Interpretados por Maria Eshpay (piano) e Peter Hudler (cello), ademais de Genesis Reading de Apollo 8.
- **Producido** co apoio de Augustinus Fonden, Wilhelm Hansen Fonden e Beckett Fonden.
- **Coprodución e residencias artísticas:** Teaterøen (Copenhague), SPAM! Rete per le arti contemporanee (Porcari, Italia), Nordisk Teaterlaboratorium (Holstebro, Dinamarca), Theater im Delphi (Berlín, Alemania).

Duración: 60 minutos

Daniel Rodríguez
Transeúnte

Danza contemporánea

MÉRCORES 30 DE ABRIL

TARIFA B

10



Neste espectáculo para sala de 4 bailaríns e 2 músicos en directo brilla o diálogo entre a música, o canto e a danza tradicional coa danza contemporánea, e os seus contextos. Invita a mergullarse nunha experiencia multisensorial onde corpo, a música e a tecnoloxía se entrelazan para construír un contexto único, cunha visión xuvenil, fresca e actual da simbiosis entre tradición e contemporaneidade.

O termo “transeúnte” fai referencia a estar de paso, a non residir senon

temporalmente nun lugar. Por iso, poñemos o foco na dualidade entre o permanente e o transitorio nos corpos da nosa xeración atravesados polo folklore e a tradición, integrando influencias do noso contexto actual.

TRANSEÚNTE é un espectáculo coproducido polo Centro Coreográfico Galego.

Intérpretes:

Javier de la Asunción, Laura García, Andrea Pérez, Artur Puga, Daniel Rodríguez e Aida Tarrío

Equipo artístico/técnico:

- **Dirección e autoría:** Daniel Rodríguez Cía
- **Música:** Artur Puga, Aida Tarrío e intérpretes
- **Son:** Javier Carreño, Acacia Ojea e Berto
- **Iluminación:** Mauricio Pérez
- **Acompañamento artístico:** Arnau Pérez

Duración: 50 minutos

Compañía Furia Sotelo

Sobre o extravío ou a arte de perderse

Danza teatro

SÁBADO 10 DE MAIO

TARIFA B



Un só de danza teatro sobre a importancia do lugar, sobre o que non se ve pero está, sobre o esquecemento necesario e a arte de perder. Ou de perderse.

Sobre o extravío ou a arte de perderse convidanos a compartir a viaxe a través do espazo interior e exterior dunha muller. Como espectadores e cómplices do seu modo de construír(se), habitar, perderse e chegar a lugares inesperados. Lugares onde o movemento, o texto,

o espazo sonoro, o corpo e os obxectos combinanse mergullándonos nun tempo suspendido e evocador no que algo pode aparecer: unha sorpresa, unha pregunta, unha resposta quizais...

Sobre o extravío ou a arte de perderse brindanos a oportunidade de abandonar a ollada periférica e dispersa á que estamos tan afeitos hoxe en día, para centrarnos en descubrir a sorpresa continua agochada no noso interior, nos obxectos e as accións cotiás.

Intérpretes:

Nuria Sotelo

Equipo artístico/técnico:

- **Dirección e creación:** Ana Vallés
- **Intérprete:** Nuria Sotelo
- **Coreografía, textos e espazo escénico:** Ana Vallés e Nuria Sotelo
- **Asistente de coreografía:** Alejandra Balboa
- **Deseño de iluminación:** Laura Iturralde
- **Espazo sonoro:** Ana Vallés
- **Producción musical:** Mounqup
- **Fotografía e vídeo:** Rubén Vilanova
- **Deseño gráfico:** A&B comunicación
- **Produce:** Furia Sotelo
- **Coproduce:** A Casa Vella

Duración: 50 minutos

Federico Vladimir & Pablo Lilienfeld

Mónica

Danza contemporánea

VENRES 16 DE MAIO

TARIFA B



Pablo e Federico profundan na historia das súas nais, ambas chamadas Mónica. Esta coincidencia fascinoules desde que iniciaron a súa relación: ambas naceron en Arxentina nos anos 50, fillas de refuxiados de guerra europeos e ambas emigraron a España de adultas.

En *Mónica*, os dous artistas van en busca das historias das súas nais. Mónica Lilienfeld, a nai de Pablo, morreu en 1986 a unha idade temperá, deixando tras dela un gran número de pinturas fascinantes e cheas de cor. Mónica Pezdirc, a nai de Fede, liberouse da súa estrita educación católica e posou como modelo espida

para as fotografías eróticas do pai de Fede na década de 1980.

Estas fotografías e pinturas constitúen os elementos visuais da obra, que combina performance, danza, vídeo e música. Aínda que se trata das súas nais, Lilienfeld e Vladimir poden ver a Mónica como a súa «filla» común. A parella de artistas entrelazan as xenealoxías tradicionais, e ao facelo tecen unha rede de maternidades non heteronormativas. *Mónica* é como unha telenovela na que conviven guerras, migracións e historias patriarcais clásicas xunto a aquelas historias que foron borradas.

Intérpretes:

Pablo Lilienfeld e Federico Vladimir

Equipo artístico/técnico:

→ **Música** Pablo Lilienfeld e Federico Vladimir Creada en colaboración e interpretada por Sophie Taylor, Janet Novas, Cris Blanco, Adriana Reyes, Anaël Snoek, Bunny Cadag y Mónica Kerner

→ **Vídeo:** Federico e Pablo en colaboración con Quiela Nuc

→ **Voz narradora:** Anaël Snoek **Voz de Mónica:** Lilienfeld Mónica Kerner

→ **Deseño de iluminación:** Iván Cascon

→ **Acompañamento dramaturxico:** Simon Baetens

→ **Acompañamento de movemento:** Mario Barrantes

→ **Escenografía:** Carmen Triñanes e Špela Tušar

→ **Deseño de vestiario:** Aarón López

→ **Deseño de maquillaxe:** Esther Quintas

→ **Retratos de Fede e Pablo:** Juan Antonio Papagni Meca

→ **Instrumentos adicionais:** Yamila Ríos e Rafael Cereceda

→ **Produción:** AnAku

→ **Co-productores:** Mercat de les Flors, workspacebrussels (Bruselas), C-TAKT (Pelt), Viernulvi (Gantes) e la Embaixada de España en Bélxica.

→ **Residencias:** Residencias Graner fábrica de creació de Barcelona, Kaaitheter, Tanzhaus Zurich, Residencias Paraiso, La Poderosa, Auditorio de Tenerife, C-TAKT y workspacebrussels.

→ **Financiada:** The Flemish Authorities.

Duración: 90 minutos

Eva Comesaña Cía
Perder a lingua

Danza contemporánea

VENRES 30 DE MAIO

TARIFA B

16



Perder a lingua é unha peza de danza, voz, videocreación e escenografía que traballan en simbiose para crear unha posta en escena conceptual que pon en valor as nosas raíces, territorio e singularidades culturais.

Dispositivo escénico no que se recolle o proceso de construción dunha lingua. Da ausencia á pertenza, transitamos dende os primeiros esforzos da gorxa por comunicarse, ata a celebración de compartir e ser en común. O recurso gráfico e conceptual que nos acompaña

é a forma das ondas sonoras: a liña debuxada polo espectograma imita a liña do horizonte, e as ondas cadradas definen os límites do espazo escénico.

Espectáculo de danza de pequeno formato e longa duración, para público adulto, concebido para salas e teatros, onde a interacción tecnolóxica amplía e reverbera a creación viva do escenario.

Foi creado grazas ás axudas a nova creación 2024 do AGADIC, Xunta de Galicia.

Intérpretes:

Eva Comesaña e Rubén Fernández

Equipo artístico/técnico:

- **Creación e dirección:** Eva Comesaña, Rubén Fernández e Eva Antelo
- **Asistencia dramaturxica:** Ernesto Is
- **Asistencia coreográfica:** Alejandra Balboa
- **Axudante escenografía:** Pablo Galdo
- **Composición e interpretación musical:** Rubén Fernández
- **Videocreación:** Eva Antelo
- **Deseño de iluminación e escenografía:** Macarena Palacios
- **Deseño escenográfica:** Pablo Galdo
- **Vestuario:** Marta García

Duración: 50 minutos

Sábado 20.09

MOVER MONTAÑAS

Sábado 11.10

HE AQUÍ UN ACTO ROMÁNTICO

Sábado 25.10

DOUBLE INFINITE

Venres 31.10

LA MECÁNICA DE L'INFORTUNI

Sábado 22.11

NORMA

Venres 05.12

XAVIER A TRAVÉS DE MIN

**TRC DANZA
TEMPORADA
OUTONO
2025**

Alberto Velasco

Mover montañas

Danza contemporánea

SÁBADO 20 DE SEPTIEMBRE

TARIFA B

20



¿OUTRA PEZA SOBRE FOLCLORE?

¡Si! E sempre me parecerán poucas; temos que falar sobre a necesidade de devolver aos pobos a danza, as lendas e as cancións máis aló do rexistro e a museística. Un manifesto vivo da necesidade do rito como salvamento a unha sociedade que fai augas. Un chamado á conciencia colectiva que sen saber moi ben porqué emociónase con determinados sons, melodías, danzas e rituais. Unha invocación á emoción primeira do que hoxe chamamos folclore.

Nesta peza non ides atopar un catálogo de folclore popular. Ides descubrir

un bando libre de todo iso a través do meu corpo e a miña conciencia contemporánea. Actualmente a esencia da tradición ibérica foi manipulada a favor ou en detrimento de determinadas cuestións territoriais e ideolóxicas e eu négome a que a política condicione a miña experiencia e conexión co espírito orixinal e vivo dun folclore que me atravesa máis aló das fronteiras ou da cronoloxía. A tradición tería que ser algo que vai pasando de xeración en xeración dunha maneira natural e fluída. Un oráculo gozoso de encontro e comuñón...

Intérpretes:

Alberto Velasco

Equipo artístico/técnico:

- **Creación e textos:** Alberto Velasco
- **Coreografía:** Alberto Velasco, Manuel Liñan & Osa + Mujica
- **Música:** Mariano Marín
- **Percusión:** Pablo Martín Jones
- **Vestuario:** Sara Sánchez de la Morena
- **Bata de cola:** José Galván
- **Máscaras:** Iker de la Calle
- **Foto:** Dominik Valvo
- **Deseño:** Laura Velasco
- **Voz en off:** Petra Martínez
- **Coprodución:** Festival TAC Valladolid e Festival Danseu

Duración: 40 minutos

Richard Mascherin

He aquí un acto romántico

Danza contemporánea

SÁBADO 11 DE OCTUBRO

TARIFA ESPECIAL

22



DANZA
A ESCENA

Red
de Teatros,
Auditorios,
Circuitos y
Festivales

Que acaba e que comeza cun accidente?

Que doe máis, un golpe ou un beso nos labios?

É odiar outra forma de amar?

Queres que me entregue a ti?

Queríasme se non te necesitara?

Podo caer contigo?

Que é un acto romántico?

He aquí un acto romántico parte dunha fisicidad tensa e unha atmosfera de inspiración cinematográfica. A peza vira ao redor de tres vítimas que asumen ceremonialmente unha espiral

de situacións violentas, facendo que accidentes e provocacións, apegos e desaparegos sexan un rito de paso cara á transcendencia.

Esta entrega apaixonada ten dúas caras; por unha banda, intoxica e pon en perigo, mentres que, pola outra, fortalece, vivifica – ninguén pode levantarse do chan, á fin e ao cabo, antes de caer nel –.

Velaquí a declaración de algo indomable. Velaquí unha resistencia heroica. Velaquí un acto romántico.

Intérpretes:

Lucía Montes, Javier Mario Salcedo, Richard Mascherin

Equipo artístico/técnico:

- **Dirección e coreografía:** Richard Mascherin
- **Texto e asesoramento dramaturxico:** Sergio Martínez Vila
- **Iluminación e coordinación técnica:** Laura Iturralde
- **Música orixinal:** Alejandro Da Rocha
- **Asistencia e coordinación coreográfica:** Juan Carlos Toledo
- **Son e espazo sonoro:** Iñaki Ruíz Maeso
- **Asesoramento musical:** Alberto Cernadas
- **Vestuario e escenografía:** Richard Mascherin
- **Confección de vestuario:** Marisa Maggi
- **Distribución:** Lola Ortiz de Lanzagorta (New Dance Management)
- **Coprodución:** Centro Coreográfico Canal - Teatros del Canal

Duración: 60 minutos

Mal Pelo
**Double
Infinite**

Danza moderna e contemporánea

SÁBADO 25 DE OUTUBRO

TARIFA A



24

O proxecto contempla a necesidade de imaxinar e construír unha ficción anacrónica para inventar o pasado, para proxectalo máis aló dun futuro previsible. *DOUBLE INFINITE* estrutúrase nun tríptico, onde podemos entrar na intimidade de cada un dos personaxes e a súa reconstrución dun pasado común: imaxínanse, lémbrense, búscanse e reencóntranse. Luces e sombras dunha relación que se pregunta sobre os límites entre o imaxinado e o real, entre o desexo e a rabia.

Rodeados pola música, as proxeccións cinematográficas nun espazo case espido, Calamity e Billy reencóntranse ao final para seguir preguntándose sobre o paxaro azul. Un paxaro azul no corazón que desexa saír. O corpo e o movemento conteñen códigos internos que se afastan de ideas estruturadas e secuenciais. Falamos duns códigos infinitamente máis espidos, vertixinosos e reveladores das pulsións do noso hábitat, do noso mundo.

Pep Ramis, María Muñoz.

25

Intérpretes:

María Muñoz e Pep Ramis

Equipo artístico/técnico:

- **Dirección:** María Muñoz e Pep Ramis
- **Colaboración na dirección:** Leo Castro
- **Composición sonora:** Fanny Thollot
- **Composición musical e arranxos:** Joel Barolet, violín, Quiteria Muñoz, soprano, Bruno Hurtado, viola de gamba
- **Iluminación:** August Viladomat/Lluís Martí
- **Espazo:** Pep Ramis/Adrià Miserachs
- **Vestuario:** CarmePuigdevalliPlantés
- **Vídeo:** Leo Castro, Pep Ramis
- **Técnico de son:** Andreu Bramon
- **Textos:** Mal Pelo con fragmentos de John Berger/Nick Cave/Pascal/ C. Bukowski /P.P.Passolini
- **Produción:** Mamen Juan-Torres

Duración: 60 minutos

Clémentine Telesfort & Lisard

La Mecánica de l'Infortuni

Danza contemporánea

VENRES 31 DE OUTUBRO

TARIFA ESPECIAL

26



“Caer no infortunio pero con todo atopar a ironía e o humor. Buscar na escuridade. De situacións adversas, inventar unha alternativa. Todo depende do punto de vista.”

O dúo de bailaríns Clémentine Telesfort e Lisard Tranis levan ao escenario a expresividade que nace da linguaxe corporal e dos reflexos físicos que entran en xogo ante circunstancias adversas.

La Mecànica de l'Infortuni busca cuestionar a resiliencia do ser humano e expoñer que patróns se forman no corpo ante un reto. Unha reflexión sobre a capacidade creativa do imaxinario, na que a ironía e o humor serven como saída.

Esta peza de danza, teatro e obxectos, revela o grotesco do ser e ao mesmo tempo celebra a beleza que reside nos nosos erros torpes de onde emerxe a autenticidade do movemento e dos xestos.

Intérpretes:

Clémentine Telesfort e Lisard Tranis

Equipo artístico/técnico:

- **Creación, dirección & interpretación:** Clémentine Telesfort & Lisard Tranis
- **Música orixinal:** Otis Jones
- **Deseño de luces:** Gabriela Bianchi & Barnaby Booth
- **Deseño de vestiario:** Anna Solà
- **Escenografía e construción:** Josep Pijuan & Benet Jofre Jiménez
- **Mirada externa:** Hansel Nezza
- **Asesoramento filosófico:** Alex Mesa
- **Produción:** Lola Rodríguez, La Mercería Cultural
- **Coprodución:** Festival Dansa Metropolitana
- **Co apoio** da Generalitat de Catalunya (OSIC), Roca Umbert Fàbrica de les Arts, L'Estruch Fàbrica de creació de les arts en viu, El Graner Centre de creació de dansa i arts vives e Can Gassol Centre d'arts escèniques.

Duración: 50 minutos

Antonio Ruz

NORMA

Danza moderna e contemporánea

SÁBADO 22 NOVIEMBRE

TARIFA A

28



Como nos vemos a nós mesmos?
Que nos fai sentir normais ante os demais? A caso non somos todos seres únicos, irrepetibles e excepcionais?
Co uso de ferramentas escénicas como a coreografía onde a unidade se fai multiplicidade, a voz falada ou cantada, unha paisaxe sonora entre o analóxico e o dixital, unha escenografía exhibicionista, unha dramaturxia viva, un vestiario mutante e unha atmosfera entre o onírico e o sublime, NORMA xera unha poética

visual en constante fluxo e oscilación na que o contraste denota á vez forza e sutileza. Un ritual escénico de cinco corpos diversos articulados ao redor da oposición xerada entre o normativo e o distinto, o cotián e o raro, o corrente e o inesperado, o belo e o feo. Unha fantasía distópica de resistencia ao normal desde a cor, a luz, a pel, a ironía e o surrealismo. Unha alegación en prol da individualidade, o exótico, o fóra de lugar. A festa do *rara avis*.

Intérpretes:

Begoña Quiñones, Chelis Quinzá, Carlos Carvento, Alicia Narejos e Manuel Martín

Equipo artístico/técnico:

- **Dirección e coreografía:** Antonio Ruz, Dramaturgia Rosabel Huguet
- **Deseño e realización de vestiario e espazo escénico:** Roberto Martínez
- **Deseño de iluminación:** Olga García - AAI
- **Música Aire, Textos extractos dos libros:** De la interacción sujeto-mundo e Manual para seres vivos, de Gregorio Aspeteguía
- **Asistente de coreografía:** Elia López
- **Dirección técnica:** Tomás Charte
- **Produción:** Paola Villegas / Gabriel Blanco - Spectare
- **Axudante de produción:** Andrea Méndez
- **Foto e vídeo:** Juan Carlos Toledo

Duración: 60 minutos

En este espectáculo se utilizan luces **estroboscópicas**.

Félix Fernández

Xavier a través de min

Danza Contemporánea

VENRES 05 DE DECEMBRO

TARIFAB

30



“Xavier a través de min” é un proxecto de artes vivas de corte autobiográfico e non documental co que quero traer ao presente o legado inmaterial que o meu irmán Xavier Fernández me deixou en vida, e deixar ao descuberto todo o sedimento da vida do meu irmán en min.

As principais ferramentas para vehicular este contido tan emocional son a danza, o espazo sonoro-musical, a voz, o texto e a instalación, que mesturadas compoñen unha experiencia vivencial moi próxima a un lugar de intimidade case confesional, onde atopar un espazo de liberación enerxético pouco habitual.

Xavier Fernández traballou ata a morte en relación á consciencia, era psicólogo, criminólogo, investigador e psiconauta, profesor de ioga, de meditación, e tamén guía en procesos de procura interior.

A práctica artística de Félix Fernández busca ser un espello no que o público se sinta reflectido. Interésalle especialmente a posibilidade de transformación social que ten a arte e tanto o autorretrato como a autoficción son formas comunicativas das que se ten servido en numerosas ocasións, poñendo o corpo e a autobiografía ao servizo de ensaios nos que reflexionar sobre aspectos máis xerais do ser contemporáneo.

Intérprete:

Félix Fernández

Equipo artístico/técnico:

- **Creación e dirección:** Félix Fernández
- **Asesora de coreografía e movemento:** Rut Balbis
- **Coach e arteterapeuta:** Raquel Calvo
- **Textos, escenografía e selección sonoro-musical:** Xavier Fernández, Félix Fernández
- **Proxeccións:** Xavier Fernández
- **Fotografías promocionais:** Teatro Ensalle
- **Proxecto apoiado por:** A Casa Vella (axudas PICE), Residencias Atopémonos Bailando, Festival Escora, Plataforma De Corpos Presentes, Teatro Ensalle

Duración: 55 minutos

PROXECTO DE MEDIACIÓN TRCDANZA

Dende o ano 2014 o Teatro Rosalía Castro acompaña o seu programa anual de danza TRCDanza cun proxecto innovador de mediación cultural e programación expandida.

Este proxecto articula mecanismos de relación entre os artistas convidados e os cidadáns da Coruña coa intención de xerar un contexto na cidade que poña en valor a danza e as artes do movemento.

A través de diferentes actividades, pensadas en colaboración con distintas comunidades e colectivos da cidade, poderemos coñecer de forma máis profunda os universos artísticos das compañías convidadas así como reforzar os seus vínculos ca nosa cidade.

Toda a información relativa a este proxecto e as súas actividades serán difundidas ao longo do ano mediante as canles:



trcdanza.mediacion@trcdanza.gal



@trcdanzamediacion



@trcdanzamediacion




@trcdanzamediacion



@trcdanzamedia

Organiza:



Co patrocinio de:



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAI



CENTRO
COREOGRÁFICO
GALEGO

HORARIOS :

Todas as funcións representaranse ás 20:30 h.

Puntualidade: unha vez comenzado o espectáculo non se permitirá o acceso á sala.

ENTRADAS :

Tarifas:

- Tarifa A: 12,00 €
- Tarifa Especial: 10,00 €
- Tarifa B: 8,00 €
- Tarifa mobilidade reducida: 70% da tarifa do espectáculo

Bono TRCdanza - desconto progresivo:

1º Tramo: despois de comprar 4 entradas de espectáculos distintos recibes unha entrada gratuíta para o teu 5º espectáculo.

2º Tramo: despois de comprar 8 entradas de espectáculos distintos recibes unha segunda entrada gratuíta para o teu 9º espectáculo.

3º Tramo: se asistes aos 11 primeiros espectáculos recibes unha entrada gratuíta para o 12º espectáculo que completa o ciclo.

Descontos:

Carné Xove, + 65, persoas desempregadas: -20%

Familias numerosas: -25%

Grupos +20 persoas, en compra anticipada: -50%

Os descontos non son acumulables entre si.

VENDA DE BILLETES :

Despacho de billetes da praza de Ourense: de luns a venres, agás festivos, de de luns a venres, de 11.00 a 15.00 e de 16.30 a 19.30h

Despacho de billetes do Teatro Rosalía Castro:

aberto só os días de función, de 16:00 a 20:00 h

Venda en liña: Ataquilla.com. Servizo permanente de 24 h

PAGOS :

Despacho de billetes da praza de Ourense, do Teatro Rosalía Castro e televenda con tarxeta de débito ou crédito.

TRC DANZA 2025





TRC DANZA

Primavera
Outono
2025

TEATRO ROSALÍA CASTRO
A CORUÑA



www.coruna.gal/cultura



@teatorosaliacastro



@teatro.rosalia.castro



@TeatroRosalia

ORGANIZA:



Concello da Coruña

COA COLABORACIÓN DE:



CO PATROCINIO DE:

